

Vigo, 14 de decembro de 2016

Tras a aprobación da relación de postos de traballo (RPT) do persoal laboral de administración e servizos polo Consello de Goberno o 10 de outubro de 2016, corresponde a esta Xerencia adoptar os trámites que dita aprobación implica.

Mantendo o talante negociador da fase previa de elaboración da RPT, a Xerencia reuniuse cos Comités de Empresa para negociar os *Criterios para a execución da relación de postos de traballo do PAS laboral* os días 18 e 29 de novembro de 2016, resultando imposible chegar a ningún acordo polo negativa expresa a negociar manifestada tanto polo Comité de Ourense como polo de Pontevedra.

Ante esta situación, considerando a relevancia da información e seguindo principios de publicidade e transparencia, a Xerencia estima necesario facelos públicos e difundilos para coñecemento do conxunto dos traballadores e traballadoras. Os criterios reúnen a dobre natureza de ser obxectivos e de ter carácter xeral. Estes criterios serán aplicados para executar a RPT coa finalidade de garantir o bo funcionamento da administración universitaria e os dereitos do persoal en relación á localidade, quenda e destino, buscando reducir ao máximo posible, dentro do marco legal, a obriga de concursar.

A Xerencia manifesta, unha vez mais, a súa disposición á negociación coa representación do PAS laboral, agardando que esta disposición sexa tamén a actitude que os comités manteñan na negociación da funcionarización do persoal laboral, proceso que está xa iniciado.